



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018173	IES de Teis	Vigo	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CSIMP01	Estética integral e benestar	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0750	Procesos fisiolóxicos e de hixiene en imaxe persoal	2025/2026	0	133	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MELCA FEIJÓO COVELO,NATALIA ASUNCION VÉREZ COTELO,JOSEFA COSTAS CHAPELA (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Determina as normas hixiénico-sanitarias de aplicación nos procesos de imaxe persoal, tendo en conta a relación entre a exposición a axentes biolóxicos e os riscos para a saúde.
RA2 - Caracteriza os compoñentes antropométricos relacionados coa imaxe persoal, revisando a estrutura xeral do corpo humano.
RA3 - Caracteriza os compoñentes do aparello locomotor implicados na aplicación de técnicas de imaxe persoal, revisando a súa estrutura anatómica e fisiolóxica.
RA4 - Caracteriza os compoñentes do medio interno implicados na aplicación de técnicas de imaxe persoal, revisando a súa estrutura anatómica e fisiolóxica.
RA5 - Caracteriza os compoñentes dos sistemas endócrino e nervioso implicados na aplicación de técnicas de imaxe persoal, revisando a súa estrutura anatómica e fisiolóxica.
RA6 - Establece pautas de asesoramento en hábitos saudables, en relación cos procesos de imaxe persoal.
RA7 - Identifica pautas nutricionais saudables e recoñece a súa influencia sobre a imaxe estética.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Relacionáronse os métodos de desinfección cos niveis de risco de infección de cada material.
CA1.2 Determináronse os protocolos de limpeza, desinfección e esterilización aplicables ao ámbito da imaxe persoal.
CA1.3 Caracterizáronse os tipos de axentes contaminantes.
CA1.4 Especificáronse os elementos que conforman o sistema inmunitario e os factores que o regulan.
CA1.5 Valorouse a aplicación da normativa na planificación da hixiene na imaxe persoal.
CA1.6 Recoñeceuse o programa de vacinación obrigatorio para o persoal aplicador das técnicas de imaxe persoal.



Criterios de avaliación do currículo
CA1.7 Xustificouse a xestión dos residuos producidos no ámbito da imaxe persoal.
CA1.8 Estableceuse o plan de calidade no tratamento de residuos e nos procesos de hixiene na imaxe persoal.
CA1.9 Especificáronse os equipamentos de protección individual utilizados en imaxe persoal.
CA2.1 Identificáronse as rexións e as zonas do corpo humano.
CA2.2 Determináronse as posicións anatómicas.
CA2.3 Establecéronse os planos e os eixes anatómicos.
CA2.4 Definíronse os termos de movemento, relación e dirección no espazo da estrutura xeral do corpo humano.
CA2.5 Recoñeceuse a forma, o aspecto xeral e as proporcións corporais.
CA2.6 Identificáronse os factores hereditarios e ambientais que determinan a constitución do corpo.
CA2.7 Recoñecéronse os tipos constitucionais ou somatotipos.
CA2.8 Relacionáronse os valores antropométricos coa súa aplicación en imaxe persoal.
CA3.1 Identificouse a masaxe e os tratamentos electroestéticos relacionados co aparello locomotor.
CA3.2 Especificáronse as funcións do sistema óseo.
CA3.3 Establecéronse a composición, a estrutura e a clasificación dos ósos e dos músculos.
CA3.4 Identificáronse as patoloxías óseas e articulares máis frecuentes e a súa influencia na imaxe persoal.
CA3.5 Caracterizouse a fisioloxía muscular.
CA3.6 Relacionáronse os tipos de movementos coas articulacións implicadas.
CA3.7 Recoñecéronse as patoloxías do movemento e da marcha, así como as alteracións óseas vinculadas á aplicación de técnicas estéticas.



Criterios de avaliación do currículo
CA3.8 Relacionouse a ergonomía coa hixiene postural e a patoloxía derivada.
CA3.9 Propuxéronse correccións posturais para a clientela e para o persoal en función de análises ergonómicas.
CA4.1 Relacionouse a anatomía do aparello circulatorio coas funcións hemodinámicas.
CA4.2 Especificáronse os compoñentes sólidos e líquidos do sangue.
CA4.3 Caracterizouse a estrutura e a fisioloxía do sistema linfático.
CA4.4 Relacionouse a influencia do sistema linfático nos procesos de imaxe persoal.
CA4.5 Recoñecéronse os elementos que determinan o medio interno.
CA4.6 Relacionouse o equilibrio do medio interno cos aspectos fisiolóxicos do aparello circulatorio, do sistema linfático e do sangue.
CA4.7 Identificáronse as patoloxías asociadas a estes aparellos con influencia en imaxe persoal.
CA5.1 Especificáronse as glándulas endócrinas e as súas funcións.
CA5.2 Establecéronse os mecanismos endócrinos.
CA5.3 Xustificouse a influencia hormonal na pel e nos anexos cutáneos.
CA5.4 Analizáronse os mecanismos de inhibición nerviosa utilizados en técnicas complementarias ás utilizadas en imaxe persoal: infiltracións, inxeccións, etc.
CA5.5 Establecéronse os mecanismos nerviosos.
CA5.6 Estableceuse a relación entre os sistemas nervioso e endócrino.
CA5.7 Xustificouse a influencia do sistema nervioso na pel e nos anexos cutáneos.
CA5.8 Identificáronse os órganos sensoriais e as súas funcións.
CA5.9 Relacionouse a fisioloxía sensorial coas técnicas utilizadas en imaxe persoal.



Criterios de avaliación do currículo
CA6.1 Caracterizouse o concepto de saúde.
CA6.2 Recoñeceuse a influencia dos hábitos de vida na imaxe persoal.
CA6.3 Identificáronse os métodos de prevención.
CA6.4 Analizáronse as campañas de promoción da saúde.
CA6.5 Determináronse os efectos dos tratamentos oncolóxicos no órgano cutáneo.
CA6.6 Establecéronse os factores desencadeantes e as medidas de prevención do cancro.
CA6.7 Diferenciáronse as etapas de avellentamento corporal.
CA6.8 Determináronse os cambios da figura corporal en cada etapa da vida.
CA6.9 Especificáronse os hábitos saudables que atrasan a aparición do avellentamento.
CA6.10 Relacionouse o aparello reprodutor, as súas patoloxías e as doenzas de transmisión, cos hábitos de vida saudable.
CA6.11 Establecéronse recomendacións saudables para potenciar a imaxe estética.
CA7.1 Caracterizáronse os alimentos e os nutrientes.
CA7.2 Relacionáronse as características dos alimentos coa influencia da dieta na conservación da saúde.
CA7.3 Especificouse a táboa de composición de alimentos.
CA7.4 Determináronse os procesos bioquímicos da nutrición.
CA7.5 Caracterizáronse os compoñentes dunha dieta equilibrada.
CA7.6 Relacionáronse coas súas funcións as estruturas anatómicas dos aparellos e dos sistemas implicados na nutrición.
CA7.7 Relacionouse o aparello dixestivo coa nutrición e a imaxe persoal.



Criterios de avaliación do currículo
CA7.8 Recoñeceuse a influencia do aparello excretor e as súas patoloxías na imaxe persoal.
CA7.9 Identificouse a influencia do aparello respiratorio e as súas patoloxías na nutrición e a na imaxe persoal.
CA7.10 Identificouse a relación entre os hábitos de vida saudables e as alteracións e as patoloxías humanas.
CA7.11 Recoñecéronse os procesos patolóxicos implicados na nutrición e a súa influencia sobre pel e os seus anexos.
CA7.12 Confeccionáronse dietas e indicacións dietéticas recomendables.
CA7.13 Identificouse a relación entre os hábitos de vida saudables e as alteracións e as patoloxías humanas.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Determina as normas hixiénico-sanitarias de aplicación nos procesos de imaxe persoal, tendo en conta a relación entre a exposición a axentes biolóxicos e os riscos para a saúde.
RA2 - Caracteriza os compoñentes antropométricos relacionados coa imaxe persoal, revisando a estrutura xeral do corpo humano.
RA3 - Caracteriza os compoñentes do aparello locomotor implicados na aplicación de técnicas de imaxe persoal, revisando a súa estrutura anatómica e fisiolóxica.
RA4 - Caracteriza os compoñentes do medio interno implicados na aplicación de técnicas de imaxe persoal, revisando a súa estrutura anatómica e fisiolóxica.
RA5 - Caracteriza os compoñentes dos sistemas endócrino e nervioso implicados na aplicación de técnicas de imaxe persoal, revisando a súa estrutura anatómica e fisiolóxica.
RA6 - Establece pautas de asesoramento en hábitos saudables, en relación cos procesos de imaxe persoal.
RA7 - Identifica pautas nutricionais saudables e recoñece a súa influencia sobre a imaxe estética.



2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Relacionáronse os métodos de desinfección cos niveis de risco de infección de cada material.
CA1.5 Valorouse a aplicación da normativa na planificación da hixiene na imaxe persoal.
CA1.7 Xustificouse a xestión dos residuos producidos no ámbito da imaxe persoal.
CA1.8 Estableceuse o plan de calidade no tratamento de residuos e nos procesos de hixiene na imaxe persoal.
CA2.1 Identificáronse as rexións e as zonas do corpo humano.
CA2.2 Determináronse as posicións anatómicas.
CA2.5 Recoñeceuse a forma, o aspecto xeral e as proporcións corporais.
CA2.7 Recoñecéronse os tipos constitucionais ou somatotipos.
CA2.8 Relacionáronse os valores antropométricos coa súa aplicación en imaxe persoal.
CA3.3 Establecéronse a composición, a estrutura e a clasificación dos ósos e dos músculos.
CA3.4 Identificáronse as patoloxías óseas e articulares máis frecuentes e a súa influencia na imaxe persoal.
CA3.6 Relacionáronse os tipos de movementos coas articulacións implicadas.
CA3.7 Recoñecéronse as patoloxías do movemento e da marcha, así como as alteracións óseas vinculadas á aplicación de técnicas estéticas.
CA3.8 Relacionouse a ergonomía coa hixiene postural e a patoloxía derivada.
CA3.9 Propuxéronse correccións posturais para a clientela e para o persoal en función de análises ergonómicas.
CA4.3 Caracterizouse a estrutura e a fisioloxía do sistema linfático.



Criterios de avaliación do currículo
CA4.4 Relacionouse a influencia do sistema linfático nos procesos de imaxe persoal.
CA5.2 Establecéronse os mecanismos endócrinos.
CA5.3 Xustificouse a influencia hormonal na pel e nos anexos cutáneos.
CA5.4 Analizáronse os mecanismos de inhibición nerviosa utilizados en técnicas complementarias ás utilizadas en imaxe persoal: infiltracións, inxeccións, etc.
CA5.7 Xustificouse a influencia do sistema nervioso na pel e nos anexos cutáneos.
CA5.9 Relacionouse a fisioloxía sensorial coas técnicas utilizadas en imaxe persoal.
CA6.2 Recoñeceuse a influencia dos hábitos de vida na imaxe persoal.
CA6.4 Analizáronse as campañas de promoción da saúde.
CA6.10 Relacionouse o aparello reprodutor, as súas patoloxías e as doenzas de transmisión, cos hábitos de vida saudable.
CA7.1 Caracterizáronse os alimentos e os nutrientes.
CA7.2 Relacionáronse as características dos alimentos coa influencia da dieta na conservación da saúde.
CA7.3 Especificouse a táboa de composición de alimentos.
CA7.5 Caracterizáronse os compoñentes dunha dieta equilibrada.
CA7.7 Relacionouse o aparello dixestivo coa nutrición e a imaxe persoal.
CA7.8 Recoñeceuse a influencia do aparello excretor e as súas patoloxías na imaxe persoal.
CA7.12 Confeccionáronse dietas e indicacións dietéticas recomendables.
CA7.13 Identificouse a relación entre os hábitos de vida saudables e as alteracións e as patoloxías humanas.



3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os MÍNIMOS ESIXIBLES serán os criterios de avaliación descritos na apartado 2.b. desta programación, agás CA5.8 Identifícaronse os órganos sensoriais e as súas funcións. / CA7.4 Determináronse os procesos bioquímicos da nutrición.

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de este módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba, pola persoa aspirante, ante a profesora do presente módulo:

a) PRIMEIRA PARTE. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. A profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.

b) SEGUNDA PARTE. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos ou láminas de identificación anatómicas que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos.

Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.

A profesora e/ou os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba deste módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas.

Neste caso, a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul ou negro indeleble e calculadora.

Está totalmente prohibido o uso / consulta do móbil ou calquera dispositivo electrónico durante toda a proba, debendo permanecer apagado e non poderá estar en contacto cos/as candidatos/as.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición enriba da mesa.



4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A) PARTE ESCRITA (50% do total)

A primeira parte terá carácter eliminatorio e consistirá nunha única proba escrita de preguntas tipo test e/ou curtas e/ou a desenvolver que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

As preguntas tipo test poderán ser de resposta única, múltiple ou verdadeiro/ falso, puntuando de xeito negativo aquelas respostas incorrectas (as preguntas non respostas non descontarán).

A profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Tempo máximo de realización: 2 horas.

Só se requirirá como material de traballo un bolígrafo azul ou negro indeleble e calculadora.

*Esta proba será necesaria aprobala para pasar á segunda fase.

4.b) Segunda parte da proba

PARTE PRÁCTICA (50% total)

Realización de supostos prácticos ou láminas de identificación anatómica relacionados cos procesos fisiolóxicos e de hixiene en imaxe persoal aplicados ás técnicas estéticas.

A profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Instrumentos necesarios para a realización práctica:

* Bolígrafo negro ou azul indeleble e calculadora.

Tempo máximo de realización : 2 horas

Esta parte da proba tamén é necesaria superala para poder calcular a nota final, que será a media aritmética entre as dúas partes.



--